

POR DUAS GALIÑAS E UN GALO

¿Non sabe unha cousa Señora Pepa?

—E que é Lucas...

—Oxe funlle ô xugado dar unha decraración n-a causa d'a pelea de Anton ó Cuncheiro, é oinlle ó alguacil que lle decia á outro, enseñándolle un papel— «este mandamento é un choyo; pra viernes ei dir citar á Malpica á Señora Pepa a Chosca, pra que veña ó xuicio que lle entabrou ó percurador de don Baldumero o tendeiro d' as menecras.»

—Alégrocheme ven, Lucas, ó saber eso, é douche as graceas por mo contares.

—Elogo, Señora Pepa, ¿que foi ó que tuvo con ese Don Baldumero?

—Mira, omes o diantres d-o tal tendeiro, encargoume que lle collese e lle levase á casa un par de arañas, outro de morcegos, outro de saltons, outro de arrans, outro de grilos, outro de lagartos, outro de moscas é outro de cascudiñas pequenas.

—¡Alabado sea Dios! ¿é ese Señor pra que quer tantas crases de bichos, Señora Pepa?

—Valéuchelle moitos cartos, Lucas; pois disq' os manda en botellons de agardente pra Tuledo, onde o goberno xunta unha coleución de animais mortos;... pro escoita o conto... eu pedinlle á Don Baldumero trinta reás adiantados, mais eu non cumprin con levarlle os morcegos, porque despois de tres noites andando po-las congostras ó escuro, mallando cunha correa non pu-den coller ningun, e en cambeo enchin os dedos de coteladas. Agora o tendeiro de enfadado, presentará non sei que probas baixo falsos fundamentos, é terá idea de embargarme anque sea á garmalleira, pró comigo non ha de poder.

—¡Oi Señora Pepa non se meta en

xusticias, porque comen a camisa. Con esto se foi Lucas.

No viernes chegoulle á porta o alguacil, e a vella que barria o chan, lle dixo.

—Que trae de novo Señor.

—Vosté chámase Pepa a Chosca.

—Si señor, pra servir á quen me favoreza.

—Pois sepa que mañan ás once tense que presentar diante do Señor Xues, pra haber o xuicio con Don Baldumero Ronchas, por uns ichavos que lle recrama.

—En rimposta, Señor, digalle ó Xues, e ó tendeiro das menecras que aqui mealcontran n-a casa á calquer hora, si queren vir facer ese falso xuicio contra min.

—E que usté será castigada por dobre delito sinon acude ó chamado que lle fago.

—Eso... xo veremos; dixo a vella. Vendo o xugado que aquela muller non comparecía, despois de tres notificaciones, ordenouse ir o Xues, o Escribano, Alguacil e o demandante cas probas, ó lugar da Señora Pepa porque alegaba de estar enferma.

O dia que esa comitiva chegaba por aquel barrio, a Señora Pepa fechou a porta da calle, e saleu pol-a da eira con duas galiñas e un galo debaixo do mandil. Foise á vila, deixou as churras n-a cas' a do Señor Xues, e o bonito galo n-a casa d' o Percurador de Don Baldumero.

A autoridá dou volta pra cabeza do partido; agradánolle os presentes quealcontrano; otendeiro gastou noventa pesetas; e a Señora Pepa non se cansa de rir.

Por duas galiñas e un galo
está un xuicio archivado

FORTUNATO CRUCES

